

1. Identificación da programación

Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
15015767	Politécnico de Santiago	Santiago de Compostela	2019/2020

Ciclo formativo

Código da familia profesional	Familia profesional	Código do ciclo formativo	Ciclo formativo	Grao	Réxime
MAM	Madeira, moble e cortiza	CMMAM02	Instalación e amoblamento	Ciclos formativos de grao medio	Réxime xeral-ordinario

Módulo profesional e unidades formativas de menor duración (*)

Código MP/UF	Nome	Curso	Sesións semanais	Horas anuais	Sesións anuais
MP0778	Planificación da instalación	2019/2020	7	140	140
MP0778_12	Planificación	2019/2020	7	90	90
MP0778_22	Recursos para a instalación e orzamentos	2019/2020	7	50	50

(*) No caso de que o módulo profesional estea organizado en unidades formativas de menor duración

Profesorado responsable

Profesorado asignado ao módulo	FERNANDA CABALEIRO FERREIRO
Outro profesorado	

Estado: Pendente de supervisión inspector



2. Concreción do currículo en relación coa súa adecuación ás características do ámbito produtivo

Este módulo profesional está asociado a competencia xeral do ciclo formativo, polo que contén a formación necesaria para desempeñar a función de planificación, aplicada aos procesos de instalación de carpintería, de moblaxe e de estruturas de madeira.

A documentación técnica dos procesos de instalación asociada á función de planificación abrangue aspectos como:

- *Toma de datos necesaria para o proceso de instalación.
- *Elaboración de documentación técnica da instalación, incluíndo os planos e a estimación económica dos traballos.
- *Programación de actividades de instalación e asignación de recursos.

As actividades profesionais asociadas a esta función aplícanse no desenvolvemento de proxectos de instalación de carpintería, de moblaxe e de estruturas de madeira.

A formación do módulo contribúe a alcanzar os obxectivos xerais a), c), d), i), k), l), m), n), ñ), o), p), q) e r) do ciclo formativo, e as competencias profesionais, persoais e sociais

a), c), d), i), k), l), m), n), ñ), o), p) e q).

As liñas de actuación no proceso de ensino e aprendizaxe que permiten alcanzar os obxectivos do módulo han versar sobre:

- *Toma de datos necesaria para o proceso de instalación, con descrición das instalacións existentes.
- *Elaboración de bosquejos, esbozos e planos dos espazos de instalación.
- *Realización de distribucións de conxuntos de carpintería e moble para a súa instalación, seleccionando os recursos materiais e humanos necesarios para cumprir as especificacións.
- *Elaboración de diagramas do proceso de instalación.
- *Elaboración de orzamentos sinxelos de instalación mediante programas informáticos, de instalacións de carpintería e moble.

Un aspecto importante a ter en conta a hora de concretar o currículo na programación didáctica para que esta se adecúe ao sistema produtivo é o da realidade empresarial con que nos atopamos na nosa comunidade, e que o concello no que este ciclo é una mostra da realidade que imos describir; por poñer un exemplo, existen empresas pequenas e medianas que carecen da entidade suficiente como para contar cunha oficina técnica propia (entendemos propia como incluída na súa plantilla de traballadores) sen por iso poder prescindir dos servizos que proporciona e existen tamén, por outro lado, empresas medianas e grandes que si contan, dentro das súas plantillas, con profesionais específicos para este tipo de ocupacións; outro exemplo importante a ter en conta é o grao de automatización dos procesos produtivos. Estas diferentes realidades obrigan a que o desenvolvemento curricular do ciclo formativo sexa o suficientemente versátil como para permitir a inserción laboral dos alumnos en calquera das realidades anteriormente mencionadas ou outras que se poidan presentar.

Un aspecto importante a ter en conta a hora de concretar o currículo na programación didáctica para que esta se adecúe ao sistema produtivo é o da realidade empresarial.

En xeral trátase de un sector caracterizado pola súa reducida dimensión, atomización empresarial e que se trata de unidades de carácter familiar e autónomo (o 90% son fábricas artesanais que non acadan os catro traballadores); predomina a diversificación da produción fronte a especialización nun so produto, a produción a medida é a tónica dominante. Por último destacar o déficit de persoal cualificado en todas as categorías da actividade.

O perfil profesional do título determínase pola súa competencia xeral, polas súas competencias



profesionais, persoais e sociais, así como pola relación de cualificacións e, de ser o caso, unidades de competencia do Catálogo Nacional de Cualificacións Profesionais incluídas no título.

En xeral, podemos concluír que o currículo concrétese ao ámbito produtivo en función dos puntos seguintes:

1.-O perfil profesional deste título evoluciona cara a un incremento na toma de decisión sobre o control de procesos de produción cada vez máis automatizados, así como na realización de funcións de planificación, mantemento, calidade e prevención de riscos laborais na pequena empresa.

2.-A incorporación de novos materiais e tecnoloxías, nomeadamente nos procesos de mecanización e de acabamentos, así como as exigencias normativas en relación á calidade e á protección ambiental, implicarán a substitución de equipamentos convencionais por outros máis avanzados e a adaptación ou cambio dos procesos e dos sistemas produtivos.

Podemos clasificar as empresas deste subsector de transformación da madeira nos seguintes grupos:

- Fabricación en serie de pezas de carpintería.
- Fabricación de elementos cara o canal contrac.
- Fabricación de moble para o fogar.
- Fabricación de elementos para arquitectura en madeira.
- Fabricación de mobles diversos.
- Fabricación de artigos diversos en madeira.

Aínda que é necesario resaltar que baixo o epígrafe de carpintería atópanse auténticas fábricas de mobles e viceversa.

En xeral trátase de un sector caracterizado pola súa reducida dimensión, atomización empresarial e que se trata de unidades de carácter familiar e autónomo (o 90% son fábricas artesanais que non acadan os catro traballadores); predomina a diversificación da produción fronte a especialización nun so produto, a produción a medida é a tónica dominante. Por último destacar o déficit de persoal cualificado en todas as categorías da actividade.

Con respecto as características do sector no concello de Santiago de Compostela, indicar que se trata dun Sistema Produtivo Local; case que todas as parroquias de Santiago de Compostela contan con algunha industria relacionada coa madeira (prácticamente están representadas todas as actividades ligadas ao traballo da madeira), e o subsector do moble representa máis do 50% das empresas do sector da transformación da madeira (aínda que se temos en conta que moitas das carpinterías e artesáns teñen uns niveis de produción e especialización dentro do subsector do moble este porcentaxe incrementase substancialmente).

O perfil profesional do título de Técnico Instalación e Amoblamento determinanse pola súa competencia xeral, polas súas competencias profesionais, persoais e sociais, así como pola relación de cualificacións e, de ser o caso, unidades de competencia do Catálogo Nacional de Cualificacións Profesionais incluídas no título.

En xeral, podemos concluír que o currículo concrétese ao ámbito produtivo en función dos puntos seguintes:

- 1.-O perfil profesional deste título evoluciona cara a un incremento na toma de decisión sobre o control de procesos de produción cada vez máis automatizados, así como na realización de funcións de planificación, mantemento, calidade e prevención de riscos laborais na pequena empresa.
- 2.-A incorporación de novos materiais e tecnoloxías, nomeadamente nos procesos de mecanización e de acabamentos, así como as exigencias normativas en relación á calidade e á protección ambiental, implicarán a substitución de equipamentos convencionais por outros máis avanzados e



a adaptación ou cambio dos procesos e dos sistemas produtivos.

3. A internacionalización dos mercados levará a empresa a primar os esforzos no deseño, na xestión de provedores e na loxística, empregándose a imaxe de marca como unha vantaxe competitiva, reducindo os períodos de renovación e incrementando o dinamismo do proceso industrial.



3. Relación de unidades didácticas que a integran, que contribuirán ao desenvolvemento do módulo profesional, xunto coa secuencia e o tempo asignado para o desenvolvemento de cada unha

U.D.	Título	Descrición	Duración (sesións)	Peso (%)	Resultados de aprendizaxe			Resultados de aprendizaxe	
					MP0778_12			MP0778_22	
					RA1	RA2	RA3	RA1	RA2
1	Toma de datos. Documentación técnica	Interpretación da documentación técnica. Toma de datos para a realización de planos e propostas de solucións	22	20	X				
2	Planos dos espazos da instalación	Realización dos planos necesarios en 2D e 3D con programas de deseño asistido por ordenador	32	20		X			
3	Distribución de conxuntos de moblaxe	Distribución de conxuntos de mobles usando programas específicos e sen axuda destes	36	20			X		
4	Selección de recursos para a instalación de carpintaría e moble	Selección dos mellores recursos para o transporte e instalación do material	25	20				X	
5	Orzamentos	Elaboración de orzamentos para a instalación de carpintaría e moble	25	20					X
Total:			140						



4. Por cada unidade didáctica

4.1.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
1	Toma de datos. Documentación técnica	22

4.1.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA1 - Compila información técnica para a instalación de carpintería e moble, tendo en conta a relación entre as necesidades formuladas e os condicionantes, para a súa instalación.	SI

4.1.c) Obxectivos específicos da unidade didáctica

Obxectivos específicos	Act	Título das actividades	Duración (sesións)
1.1 Interpretar planos de planta e sección. 1.2 Interpretar planos de carpintería. 1.3 Identificar instalacións de electricidade, fontanería e saneamento. 1.4 Calcular superficies	1	Documentación técnica da instalación	6,0
2.1 Medición e toma de datos 2.2 Realizar a toma de datos e medidas	2	Medición e toma de datos	5,0
3.1 Realizar esbozos a man alzada do espazo. 3.2 Realizar bosquejos previos da instalación tendo en conta condicionantes do espazo e requerimentos do cliente	3	Realización de esbozos e predistribucións	11,0
TOTAL			22

4.1.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación	Instrumentos de avaliación	Mínimos exixibles	Peso cualificación (%)
CA1.1 Analizouse a documentación técnica do espazo en que se vaia situar a instalación requirida.	● PE.1 - Documentación técnica. Exercicios de resolución práctica	S	15
CA1.2 Descríbironse as instalacións existentes no lugar da toma de datos (electricidade, fontanería, gas, etc.).	● PE.2 - Toma de datos. Exercicios de resolución práctica	S	10
CA1.3 Seleccionáronse os instrumentos e os utensilios necesarios para a toma de datos.	● PE.3 - Toma de datos. Exercicios de resolución práctica	S	8
CA1.4 Utilizáronse os instrumentos de medición para a toma de datos.	● PE.4 - Toma de datos. Exercicios de resolución práctica	S	8
CA1.5 Realizouse un esbozo do lugar en que se vaia situar a instalación requirida, e anotáronse con precisión os datos salientables.	● PE.5 - Realización de esbozos. Exercicios de resolución práctica	S	19
CA1.6 Fíxose o bosquejo dunha predistribución en función dos condicionantes do lugar de instalación e os requisitos da clientela.	● PE.6 - Predistribucións. Exercicios de resolución práctica	S	25
CA1.7 Demostrouse unha actitude de atención e colaboración nas actividades realizadas.	● TO.1 - Exercicios de resolución práctica	S	3
CA1.8 Efectuáronse as operacións cos coidados requiridos, e coa orde e a limpeza establecidas.	● TO.2 - Exercicios de resolución práctica	N	3



Crterios de avaliación	Instrumentos de avaliación	Mínimos exixibles	Peso cualificación (%)
CA1.9 Aplicáronse as normas de presentación dos traballos.	<ul style="list-style-type: none"> TO.3 - Exercicios de resolución práctica 	S	3
CA1.10 Mantívose unha actitude ordenada e metódica na realización das actividades.	<ul style="list-style-type: none"> TO.4 - Exercicios de resolución práctica 	N	3
CA1.11 Realizáronse as tarefas en colaboración e traballando en equipo, nos casos en que así se establecera.	<ul style="list-style-type: none"> TO.5 - Realización das prácticas plantexadas na aula 	N	3
TOTAL			100

4.1.e) Contidos

Contidos
<p>Interpretación de planos de distribución en planta.</p> <p>Instrumentos e utensilios para a toma de datos.</p> <p>Medición e toma de datos.</p> <p>Identificación de condicionantes para a instalación.</p> <p>Esbozamento de espazos para a instalación. Anotación de medidas. Indicacións complementarias.</p>

4.1.f) Actividades de ensino e aprendizaxe, e de avaliación, con xustificación de para que e de como se realizarán, así como os materiais e os recursos necesarios para a súa realización e, de ser o caso, os instrumentos de avaliación

Que e para que	Como			Con que	Como e con que se valora	Duración (sesións)
Actividade (título e descrición)	Profesorado (en termos de tarefas)	Alumnado (tarefas)	Resultados ou produtos	Recursos	Instrumentos e procedementos de avaliación	
Documentación técnica da instalación - Interpretación da documentación técnica do espazo da instalación	<ul style="list-style-type: none"> Presentación da unidade didáctica. Introducción e explicación da documentación técnica do espazo da instalación Elaboración dos enunciados dos exercicios prácticos 	<ul style="list-style-type: none"> Atención ás explicacións teóricas e anotacións de apuntamentos para utilízalos na resolución dos exercicios prácticos Resolución dos exercicios prácticos propostos 	<ul style="list-style-type: none"> Exercicio práctico proposto resolto Cofecemento da documentación técnica do espazo da instalación 	<ul style="list-style-type: none"> Materias audiovisuais Apuntamentos Aula Internet Presentacións, Documentos de textos e/ou Follas de cálculo 	<ul style="list-style-type: none"> PE.1 - Documentación técnica. Exercicios de resolución práctica PE.2 - Toma de datos. Exercicios de resolución práctica TO.1 - Exercicios de resolución práctica TO.2 - Exercicios de resolución práctica TO.3 - Exercicios de resolución práctica TO.4 - Exercicios de resolución práctica TO.5 - Realización das prácticas plantexadas na aula 	6,0



Que e para que	Como			Con que	Como e con que se valora	Duración (sesións)
Actividade (título e descrición)	Profesorado (en termos de tarefas)	Alumnado (tarefas)	Resultados ou produtos	Recursos	Instrumentos e procedementos de avaliación	
Medición e toma de datos - Toma de datos e medición da zona da instalación	<ul style="list-style-type: none"> • Explicación sobre a medición e toma de datos no espazo da instalación • Elaboración dos enunciados dos exercicios prácticos 	<ul style="list-style-type: none"> • Atención ás explicacións teóricas e anotacións de apuntamentos para utilízalos na resolución dos exercicios prácticos • Resolución dos exercicios prácticos propostos 	<ul style="list-style-type: none"> • Coñecemento da medición e toma de datos no espazo da instalación • Exercicio práctico proposto resolto 	<ul style="list-style-type: none"> • Presentacións, Documentos de textos e/ou Follas de cálculo • Apuntamentos • Materias audiovisuais • Aula • Internet 	<ul style="list-style-type: none"> • PE.3 - Toma de datos. Exercicios de resolución práctica • PE.4 - Toma de datos. Exercicios de resolución práctica • TO.1 - Exercicios de resolución práctica • TO.2 - Exercicios de resolución práctica • TO.3 - Exercicios de resolución práctica • TO.4 - Exercicios de resolución práctica • TO.5 - Realización das prácticas plantexadas na aula 	5,0
Realización de esbozos e predistribucións - Realizar esbozos do lugar da instalación e primeiras distribucións da moblaxe con relación as peticións do cliente	<ul style="list-style-type: none"> • Explicación da realización de esbozos do lugar da instalación e primeiras distribucións da moblaxe con relación as peticións do cliente • Elaboración dos enunciados dos exercicios prácticos 	<ul style="list-style-type: none"> • Atención ás explicacións teóricas e anotacións de apuntamentos para utilízalos na resolución dos exercicios prácticos • Resolución dos exercicios prácticos propostos 	<ul style="list-style-type: none"> • Coñecemento da realización de esbozos do lugar da instalación e primeiras distribucións da moblaxe con relación as peticións do cliente • Exercicio práctico proposto resolto 	<ul style="list-style-type: none"> • Apuntamentos • Materias audiovisuais • Aula • Internet • Presentacións, Documentos de textos e/ou Follas de cálculo 	<ul style="list-style-type: none"> • PE.5 - Realización de esbozos. Exercicios de resolución práctica • PE.6 - Predistribucións. Exercicios de resolución práctica • TO.1 - Exercicios de resolución práctica • TO.2 - Exercicios de resolución práctica • TO.3 - Exercicios de resolución práctica • TO.4 - Exercicios de resolución práctica • TO.5 - Realización das prácticas plantexadas na aula 	11,0
TOTAL						22,0



4.2.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
2	Planos dos espazos da instalación	32

4.2.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA2 - Realiza planos dos espazos de instalación, aplicando normas de representación e utilizando programas de deseño, en 2D e 3D.	SI

4.2.c) Obxectivos específicos da unidade didáctica

Obxectivos específicos	Act	Título das actividades	Duración (sesións)
1.1 Representar planos de espazos e elementos arquitectónicos (portas, ventás, escaleiras, etc.) en 2D coa axuda de programas de deseño asistido por ordenador	1	Planos en 2D	20,0
2.1 Representar planos de espazos e elementos arquitectónicos en 3D coa axuda de programas de deseño asistido por ordenador	2	Planos en 3D	12,0
TOTAL			32

4.2.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación	Instrumentos de avaliación	Mínimos exixibles	Peso cualificación (%)
CA2.1 Seleccionouse o sistema de representación gráfica máis axeitado para representar o espazo.	● PE.1 - Sistemas de representación gráfica. Exercicios de resolución práctica	S	6
CA2.2 Representáronse os espazos e os elementos arquitectónicos singulares.	● PE.2 - Representación de espazos. Elementos arquitectónicos. Exercicios de resolución práctica	S	12
CA2.3 Elixíuse a escala en función do tamaño dos obxectos que cumpra representar.	● PE.3 - Sistemas de representación gráfica. Exercicios de resolución práctica	N	4
CA2.4 Representáronse as vistas necesarias do espazo mediante programas de deseño asistido por computador.	● PE.4 - Elaboración de planos mediante programas de deseño asistido por ordenador. Exercicios de resolución práctica	S	16
CA2.5 Representáronse os detalles identificando a súa escala e a súa posición.	● PE.5 - Elaboración de planos mediante programas de deseño asistido por ordenador. Exercicios de resolución práctica	S	12
CA2.6 Obtivéronse perspectivas do espazo de instalación mediante programas de deseño asistido por computador.	● PE.6 - Elaboración de planos mediante programas de deseño asistido por ordenador. Exercicios de resolución práctica	S	16
CA2.7 Interpretáronse planos coa súa información característica.	● PE.7 - Elaboración de planos mediante programas de deseño asistido por ordenador. Exercicios de resolución práctica	S	10
CA2.8 Imprimíronse e encartáronse os planos de acordo coas normas de representación gráfica.	● PE.8 - Exercicios de resolución práctica	S	6
CA2.9 Demostrouse destreza na execución dos planos.	● PE.9 - Exercicios de resolución práctica	S	3
CA2.10 Proporcionáronse e distribuíronse adecuadamente os conxuntos de instalación en cada formato, facilitando a claridade e a comprensión do debuxo.	● PE.10 - Exercicios de resolución práctica	N	3
CA2.11 Demostrouse unha actitude de atención e colaboración nas actividades realizadas.	● TO.1 - Exercicios de resolución práctica	S	3
CA2.12 Efectuáronse as operacións cos coidados requiridos, e coa orde e a limpeza establecidas.	● TO.2 - Exercicios de resolución práctica	N	3
CA2.13 Mantívose unha actitude ordenada e metódica na realización das actividades.	● TO.3 - Exercicios de resolución práctica	N	3



Criterios de avaliación	Instrumentos de avaliación	Mínimos exigibles	Peso cualificación (%)
CA2.14 Realizáronse as tarefas en colaboración e traballando en equipo, nos casos en que así se establecera.	<ul style="list-style-type: none"> TO.4 - Exercicios de resolución práctica 	N	3
TOTAL			100

4.2.e) Contidos

Contidos
<p>Selección do sistema de representación.</p> <p>Representación de espazos. Elementos arquitectónicos: portas, ventás, escaleiras, soportes, tabiques, muros de carga, etc.</p> <p>Representación de instalacións: electricidade, fontanaría, gas e extracción, etc.</p> <p>Elaboración de planos mediante programas de deseño asistido por computador.</p>

4.2.f) Actividades de ensino e aprendizaxe, e de avaliación, con xustificación de para que e de como se realizarán, así como os materiais e os recursos necesarios para a súa realización e, de ser o caso, os instrumentos de avaliación

Que e para que	Como			Con que	Como e con que se valora	Duración (sesións)
	Profesorado (en termos de tarefas)	Alumnado (tarefas)	Resultados ou produtos	Recursos	Instrumentos e procedementos de avaliación	
Actividade (título e descrición)						



Que e para que	Como			Con que	Como e con que se valora	Duración (sesións)
Actividade (título e descrición)	Profesorado (en termos de tarefas)	Alumnado (tarefas)	Resultados ou produtos	Recursos	Instrumentos e procedementos de avaliación	
Planos en 2D - Representación de espazos e elementos arquitectónicos en dúas dimensións	<ul style="list-style-type: none"> • Presentación da unidade didáctica. • Explicacións da representación de espazos e elementos arquitectónicos en dúas dimensións • Elaboración dos enunciados dos exercicios prácticos 	<ul style="list-style-type: none"> • Atención ás explicacións teóricas e anotacións de apuntamentos para utilizalos na resolución dos exercicios prácticos • Resolución dos exercicios prácticos propostos 	<ul style="list-style-type: none"> • Exercicio práctico proposto resolto • Coñecemento da representación de espazos e elementos arquitectónicos en dúas dimensións 	<ul style="list-style-type: none"> • Materias audiovisuais • Aula • Internet • Presentacións, Documentos de textos e/ou Follas de cálculo • Apuntamentos 	<ul style="list-style-type: none"> • PE.1 - Sistemas de representación gráfica. Exercicios de resolución práctica • PE.2 - Representación de espazos. Elementos arquitectónicos. Exercicios de resolución práctica • PE.3 - Sistemas de representación gráfica. Exercicios de resolución práctica • PE.4 - Elaboración de planos mediante programas de deseño asistido por ordenador. Exercicios de resolución práctica • PE.5 - Elaboración de planos mediante programas de deseño asistido por ordenador. Exercicios de resolución práctica • PE.7 - Elaboración de planos mediante programas de deseño asistido por ordenador. Exercicios de resolución práctica • PE.8 - Exercicios de resolución práctica • PE.9 - Exercicios de resolución práctica • PE.10 - Exercicios de resolución práctica • TO.1 - Exercicios de resolución práctica • TO.2 - Exercicios de resolución práctica • TO.3 - Exercicios de resolución práctica • TO.4 - Exercicios de resolución práctica 	20,0



Que e para que	Como			Con que	Como e con que se valora	Duración (sesións)
Actividade (título e descrición)	Profesorado (en termos de tarefas)	Alumnado (tarefas)	Resultados ou produtos	Recursos	Instrumentos e procedementos de avaliación	
Planos en 3D - Representación de espazos e elementos arquitectónicos en tres dimensións	<ul style="list-style-type: none"> • Explicación da representación de espazos e elementos arquitectónicos en tres dimensións • Elaboración dos enunciados dos exercicios prácticos 	<ul style="list-style-type: none"> • Atención ás explicacións teóricas e anotacións de apuntamentos para utilizalos na resolución dos exercicios prácticos • Resolución dos exercicios prácticos propostos 	<ul style="list-style-type: none"> • Coñecemento da representación de espazos e elementos arquitectónicos en tres dimensións • Exercicio práctico proposto resolto 	<ul style="list-style-type: none"> • Apuntamentos • Materias audiovisuais • Aula • Internet • Presentacións, Documentos de textos e/ou Follas de cálculo 	<ul style="list-style-type: none"> • PE.1 - Sistemas de representación gráfica. Exercicios de resolución práctica • PE.2 - Representación de espazos. Elementos arquitectónicos. Exercicios de resolución práctica • PE.3 - Sistemas de representación gráfica. Exercicios de resolución práctica • PE.6 - Elaboración de planos mediante programas de deseño asistido por ordenador. Exercicios de resolución práctica • PE.8 - Exercicios de resolución práctica • PE.9 - Exercicios de resolución práctica • PE.10 - Exercicios de resolución práctica • TO.1 - Exercicios de resolución práctica • TO.2 - Exercicios de resolución práctica • TO.3 - Exercicios de resolución práctica • TO.4 - Exercicios de resolución práctica 	12,0
TOTAL						32,0



4.3.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
3	Distribución de conxuntos de moblaxe	36

4.3.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA3 - Elabora distribucións de conxuntos de instalación de moblaxe, utilizando aplicacións informáticas específicas.	SI

4.3.c) Obxectivos específicos da unidade didáctica

Obxectivos específicos	Act	Título das actividades	Duración (sesións)
1.1 Coñecer medidas normalizadas en mobiliario de coziña e outros. 1.2 Adaptar mobiliario normalizado a espazos determinados.	1	Normalización	5,0
2.1 Identificar secuencias de instalación de mobiliario.	2	Procesos de instalación	4,0
3.1 Realizar esbozos de distribución de mobiliario. 3.2 Describir solucións adoptadas. 3.3 Utilizar criterios ecoeficientes para distribución e montaxe.	3	Distribucións de mobiliario	15,0
4.1 Realizar distribucións de mobiliario coa axuda de programas específicos	4	Distribución asistida por ordenador	12,0
TOTAL			36

4.3.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación	Instrumentos de avaliación	Mínimos exixibles	Peso cualificación (%)
CA3.1 Incorporáronse ao proceso as medidas do espazo de instalación obtidas dos planos do espazo.	● PE.1 - Elaboración de esbozo de instalación de moblaxe. Exercicios de resolución práctica	S	6
CA3.2 Realizouse un esbozo de distribución dos elementos que se vaian instalar.	● PE.2 - Elaboración de esbozo de instalación de moblaxe. Exercicios de resolución práctica	S	12
CA3.3 Describiuse a solución adoptada que se vaia instalar.	● PE.3 - Distribución de moblaxe. Exercicios de resolución práctica	S	8
CA3.4 Elixíuse a solución con criterios ecoeficientes.	● PE.4 - Criterios de distribución de moblaxe. Exercicios de resolución práctica	S	5
CA3.5 Utilizáronse compoñentes normalizados na solución adoptada.	● PE.5 - Dimensións normalizadas da moblaxe. Exercicios de resolución práctica	S	8
CA3.6 Describíronse os principais procesos que se levan a cabo na instalación de carpintería e moblaxe.	● PE.6 - Procesos na instalación de carpintería e moblaxe. Exercicios de resolución práctica	S	10
CA3.7 Elixíronse os procesos que se levan a cabo na instalación con criterios ecoeficientes.	● PE.7 - Procesos na instalación de carpintería e moblaxe. Exercicios de resolución práctica	S	5
CA3.8 Utilizáronse aplicacións informáticas para realizar a distribución de conxuntos.	● PE.8 - Distribución de moblaxe con programas específicos. Exercicios de resolución práctica	S	11



Cráterios de avaliación	Instrumentos de avaliación	Mínimos exixibles	Peso cualificación (%)
CA3.9 Recolléronse, utilizáronse e analizáronse os datos procesados pola aplicación informática.	<ul style="list-style-type: none"> PE.9 - Distribución de moblaxe con programas específicos. Exercicios de Distribución de moblaxe. con programas específicos resolución práctica 	S	8
CA3.10 Demostrouse destreza na execución dos planos.	<ul style="list-style-type: none"> PE.10 - Exercicios de resolución práctica 	S	7
CA3.11 Proporcionáronse e distribuíronse adecuadamente os conxuntos de instalación en cada formato, facilitando a claridade e a comprensión do debuxo.	<ul style="list-style-type: none"> PE.11 - Exercicios de resolución práctica 	S	5
CA3.12 Demostrouse unha actitude de atención e colaboración nas actividades realizadas.	<ul style="list-style-type: none"> TO.1 - Exercicios de resolución práctica 	S	3
CA3.13 Efectuáronse as operacións cos coidados requiridos, e coa orde e a limpeza establecidas.	<ul style="list-style-type: none"> TO.2 - Exercicios de resolución práctica 	N	3
CA3.14 Aplicáronse as normas de presentación dos traballos e presentáronse debidamente encartados e encadernados.	<ul style="list-style-type: none"> TO.3 - Exercicios de resolución práctica 	S	3
CA3.15 Mantívose unha actitude ordenada e metódica na realización das actividades.	<ul style="list-style-type: none"> TO.4 - Exercicios de resolución práctica 	N	3
CA3.16 Realizáronse as tarefas en colaboración e traballando en equipo, nos casos en que así se establecera.	<ul style="list-style-type: none"> TO.5 - Exercicios de resolución práctica 	N	3
TOTAL			100

4.3.e) Contidos

Contidos
Dimensións normalizadas da moblaxe.
Elaboración de esbozo da instalación de moblaxe.
Distribución de moblaxe con programas específicos.

4.3.f) Actividades de ensino e aprendizaxe, e de avaliación, con xustificación de para que e de como se realizarán, así como os materiais e os recursos necesarios para a súa realización e, de ser o caso, os instrumentos de avaliación

Que e para que	Como			Con que	Como e con que se valora	Duración (sesións)
Actividade (título e descrición)	Profesorado (en termos de tarefas)	Alumnado (tarefas)	Resultados ou produtos	Recursos	Instrumentos e procedementos de avaliación	



Que e para que	Como			Con que	Como e con que se valora	Duración (sesións)
Actividade (título e descrición)	Profesorado (en termos de tarefas)	Alumnado (tarefas)	Resultados ou produtos	Recursos	Instrumentos e procedementos de avaliación	
Normalización - Normalización no mobiliario.	<ul style="list-style-type: none"> • Presentación da unidade didáctica. • Explicación da normalización no mobiliario. • Elaboración dos enunciados dos exercicios prácticos 	<ul style="list-style-type: none"> • Atención ás explicacións teóricas e anotacións de apuntamentos para utilízalos na resolución dos exercicios prácticos • Resolución dos exercicios prácticos propostos 	<ul style="list-style-type: none"> • Coñecemento da normalización no mobiliario. • Exercicio práctico proposto resolto 	<ul style="list-style-type: none"> • Presentacións, Documentos de textos e/ou Follas de cálculo • Apuntamentos • Materias audiovisuais • Aula • Internet 	<ul style="list-style-type: none"> • PE.1 - Elaboración de esbozo de instalación de moblaxe. Exercicios de resolución práctica • PE.5 - Dimensións normalizadas da moblaxe. Exercicios de resolución práctica • TO.1 - Exercicios de resolución práctica • TO.2 - Exercicios de resolución práctica • TO.3 - Exercicios de resolución práctica • TO.4 - Exercicios de resolución práctica • TO.5 - Exercicios de resolución práctica 	5,0
Procesos de instalación - Procesos de instalación de mobiliario	<ul style="list-style-type: none"> • Explicación dos procesos de instalación de mobiliario. • Elaboración dos enunciados dos exercicios prácticos 	<ul style="list-style-type: none"> • Atención ás explicacións teóricas e anotacións de apuntamentos para utilízalos na resolución dos exercicios prácticos • Resolución dos exercicios prácticos propostos 	<ul style="list-style-type: none"> • Exercicio práctico proposto resolto • Coñecemento dos procesos de instalación de mobiliario. 	<ul style="list-style-type: none"> • Presentacións, Documentos de textos e/ou Follas de cálculo • Apuntamentos • Materias audiovisuais • Aula • Internet 	<ul style="list-style-type: none"> • PE.6 - Procesos na instalación de carpintería e moblaxe. Exercicios de resolución práctica • PE.7 - Procesos na instalación de carpintería e moblaxe. Exercicios de resolución práctica • TO.1 - Exercicios de resolución práctica • TO.2 - Exercicios de resolución práctica • TO.3 - Exercicios de resolución práctica • TO.4 - Exercicios de resolución práctica • TO.5 - Exercicios de resolución práctica 	4,0



Que e para que	Como			Con que	Como e con que se valora	Duración (sesións)
Actividade (título e descrición)	Profesorado (en termos de tarefas)	Alumnado (tarefas)	Resultados ou produtos	Recursos	Instrumentos e procedementos de avaliación	
Distribucións de mobiliario - Distribución do mobiliario tendo en conta condicionantes do local e requisitos do propietario	<ul style="list-style-type: none"> • Explicación da distribución do mobiliario tendo en conta condicionantes do local e requisitos do propietario. • Elaboración dos enunciados dos exercicios prácticos 	<ul style="list-style-type: none"> • Atención ás explicacións teóricas e anotacións de apuntamentos para utilizalos na resolución dos exercicios prácticos • Resolución dos exercicios prácticos propostos 	<ul style="list-style-type: none"> • Coñecemento da distribución do mobiliario tendo en conta condicionantes do local e requisitos do propietario. • Exercicio práctico proposto resolto 	<ul style="list-style-type: none"> • Apuntamentos • Presentacións, Documentos de textos e/ou Follas de cálculo • Materias audiovisuais • Aula • Internet 	<ul style="list-style-type: none"> • PE.1 - Elaboración de esbozo de instalación de moblaxe. Exercicios de resolución práctica • PE.2 - Elaboración de esbozo de instalación de moblaxe. Exercicios de resolución práctica • PE.3 - Distribución de moblaxe. Exercicios de resolución práctica • PE.4 - Criterios de distribución de moblaxe. Exercicios de resolución práctica • PE.5 - Dimensións normalizadas da moblaxe. Exercicios de resolución práctica • PE.10 - Exercicios de resolución práctica • PE.11 - Exercicios de resolución práctica • TO.1 - Exercicios de resolución práctica • TO.2 - Exercicios de resolución práctica • TO.3 - Exercicios de resolución práctica • TO.4 - Exercicios de resolución práctica • TO.5 - Exercicios de resolución práctica 	15,0



Que e para que	Como			Con que	Como e con que se valora	Duración (sesións)
Actividade (título e descrición)	Profesorado (en termos de tarefas)	Alumnado (tarefas)	Resultados ou produtos	Recursos	Instrumentos e procedementos de avaliación	
Distribución asistida por ordenador - Uso de programas informáticos para a distribución do mobiliario	<ul style="list-style-type: none"> • Expliación do uso de programas informáticos para a distribución do mobiliario. • Elaboración dos enunciados dos exercicios prácticos 	<ul style="list-style-type: none"> • Atención ás explicacións teóricas e anotacións de apuntamentos para utilizalos na resolución dos exercicios prácticos • Resolución dos exercicios prácticos propostos 	<ul style="list-style-type: none"> • Coñecemento do uso de programas informáticos para a distribución do mobiliario. • Exercicio práctico proposto resolto 	<ul style="list-style-type: none"> • Apuntamentos • Materias audiovisuais • Presentacións, Documentos de textos e/ou Follas de cálculo • Aula • Internet 	<ul style="list-style-type: none"> • PE.1 - Elaboración de esbozo de instalación de moblaxe. Exercicios de resolución práctica • PE.4 - Criterios de distribución de moblaxe. Exercicios de resolución práctica • PE.5 - Dimensións normalizadas da moblaxe. Exercicios de resolución práctica • PE.8 - Distribución de moblaxe con programas específicos. Exercicios de resolución práctica • PE.9 - Distribución de moblaxe con programas específicos. Exercicios de Distribución de moblaxe. con programas específicos resolución práctica • PE.10 - Exercicios de resolución práctica • PE.11 - Exercicios de resolución práctica • TO.1 - Exercicios de resolución práctica • TO.2 - Exercicios de resolución práctica • TO.3 - Exercicios de resolución práctica • TO.4 - Exercicios de resolución práctica • TO.5 - Exercicios de resolución práctica 	12,0
TOTAL						36,0



4.4.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
4	Selección de recursos para a instalación de carpintaría e moble	25

4.4.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA1 - Selecciona recursos para a instalación de carpintaría e moble, tendo en conta a relación entre os procesos, os materiais, as máquinas e as ferramentas que se empreguen.	SI

4.4.c) Obxectivos específicos da unidade didáctica

Obxectivos específicos	Act	Título das actividades	Duración (sesións)
1.1 Describir os procesos necesarios para a instalación de elementos de mobiliario e carpintaría. 1.2 Definir tempos e recursos necesarios.	1	Procesos de instalación	12,0
2.1 Coñecer as máquinas e ferramentas necesarias para cada proceso de instalación 2.2 Secuencias de traballo e riscos existentes no manexo das máquinas e ferramentas necesarias para cada proceso de instalación	2	Máquinas e ferramentas	5,0
3.1 Describir os principais materiais e formas de embalado. 3.2 Coñecer as posibilidades de reutilización destes e a forma de xestionar os seus residuos.	3	Embalaxe	2,0
4.1 Determinar os riscos laborais nas diferentes operacións de instalación 4.2 Definir as medidas de prevención necesarias. 4.3 Elixir o equipo de protección recomendable en cada caso.	4	Riscos laborais	6,0
TOTAL			25

4.4.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación	Instrumentos de avaliación	Mínimos exixibles	Peso cualificación (%)
CA1.1 Descríbense os procesos de instalación que interveñen en carpintaría e moble.	● PE.1 - Identificación actividades nos procesos de instalación. Exercicios de resolución práctica	S	14
CA1.2 Considerouse unha solución que reduza o uso de materiais que xeran residuos perigosos.	● PE.2 - Identificación actividades nos procesos de instalación. Exercicios de resolución práctica	S	5
CA1.3 Consideráronse os principais utensilios, equipamentos e ferramentas para levar a cabo os procesos de instalación.	● PE.3 - Selección máquinas e ferramentas para a instalación. Exercicios de resolución práctica	S	8
CA1.4 Relaciónáronse os principais procedementos de instalación coas máquinas e as ferramentas necesarias para os levar a cabo.	● PE.4 - Selección máquinas e ferramentas para a instalación. Exercicios de resolución práctica	S	8
CA1.5 Estableceuse a secuencia das operacións que cumpra realizar.	● PE.5 - Secuencia actividades para a instalación. Exercicios de resolución práctica	S	14
CA1.6 Colaborouse na asignación dos recursos necesarios para cada operación (materiais, máquinas, ferramentas, etc.).	● PE.6 - Recursos para a instalación. Exercicios de resolución práctica	S	9



Cráterios de avaliación	Instrumentos de avaliación	Mínimos exixibles	Peso cualificación (%)
CA1.7 Asignéronse tempos para a realización das operacións na execución da instalación.	<ul style="list-style-type: none"> PE.7 - Secuencia actividades para a instalación. Exercicios de resolución práctica 	S	14
